

CONVOCATORIA DA 1ª FASE DE SUBVENCIONS DE MELLORA DA ACCESIBILIDADE EN VIVENDAS DE BARRIOS DESFAVORECIDOS PARA ELABORACION DE DOCUMENTACION TECNICA NO MARCO DA EDUSI COFINANCIADA NUN 80% POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL DA UNION EUROPEA

Capítulo 1 DISPOSICIONS XERAIS

Artigo 1 OBXECTO E FINALIDADE

A presente convocatoria ten por obxecto, tal como establece o do artigo 20.1 e 2 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencions de Galicia (en adiante LSG), o inicio do procedemento de concesión de axudas en especie en réxime de concorrencia competitiva para actuacións de mellora da accesibilidade de edificios residenciais sitos en ámbitos desfavorecidos de conxuntos edificios residenciais de promoción pública ou de entidades benéficas de mediados do século pasado, nos que a dotación de elevador presenta unha especial dificultade na súa xestión por parte dos particulares dadas as características das solucións previstas no planeamento urbanístico vixente.

De acordo ao compromiso adquirido polo Concello no marco da Estratexia de desenvolvemento urbano sostible integrada (en adiante EDUSI) dentro do programa operativo plurirrexional de España do FEDER no seu eixe urbano, a súa finalidade é promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera xeito de discriminación a través de estratexias urbanas integradas na categoría de investimento de infraestrutura de vivenda na liña de actuacións en barrios desfavorecidos.

Artigo 2 MARCO NORMATIVO DE APLICACION

De acordo ao artigo 20.2.a da LSG, as bases reguladoras desta disposición serán as Bases de execución do orzamento municipal do Concello de Santiago de Compostela do ano 2022, sendo o marco normativo de aplicación a seguinte:

- . Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencions do Estado (LXS en adiante).
- . Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencions do Estado.
- . Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencions de Galicia (LSG).
- . Lei 8/2013, de 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.
- . Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- . Regulamento (UE) 1303/2013 de 17 de decembro polo que se establecen disposicións comúns ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo Europeo Agrícola e de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca.
- . Regulamento (UE) 1301/2013 de 17 de decembro sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.
- . Orde HFP/1979/2016 de 29 de decembro pola que se aproban as normas sobre gastos subvencionables dos Programas Operativos de Desenvolvemento Rexional para o período 2014-2020.

Artigo 3 CRÉDITO ORZAMENTARIO E FINANCIAMENTO DAS AXUDAS

Esta operación forma parte da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado de Santiago de Compostela, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020, nun 80% correspondendo o restante 20% á achega municipal.

De acordo ao artigo 20.2.b da LSG, o crédito total dispoñible para facer fronte aos gastos derivados da operación completa desta liña de axudas en especie ascende a 970.900 € para o que existe crédito suficiente no orzamento do exercicio 2022 para facer fronte á primeira fase desta convocatoria que acada 84.000 €, dentro da aplicación orzamentaria 030 15220 6220000, Proxecto de Gasto 2021 3 EDUSI 2.

Ao tratarse dunha axuda en especie, o gasto relativo a esta convocatoria imputarase de acordo coa natureza do gasto a realizar, no capítulo VI do orzamento de gastos.

Artigo 4 CONTÍA DAS SUBVENCIONS

Tal e como recolle a “Expresión de interese para a selección de operacións cofinanciadas no marco da EDUSI” aprobada, no seu apartado B) do capítulo de Execución da operación, o custo total estimado a esta FASE I relativa á elaboración de documentación técnica estímase en 84.000,00 €, para un obxectivo de 98 vivendas dotadas de accesibilidade.

Polo tanto, as axudas correspondentes a esta 1ª Fase da operación non poderá superar en total a cantidade de 84.000,00 € e a axuda correspondente a cada actuación non poderá superar a proporción de 857,14 € por vivenda existente nos edificios obxecto da actuación. No caso de estimarse un coste superior da axuda, a solicitude será desestimada.

Artigo 5 ACTUACIONES SUBVENCIONABLES

As actuacións subvencionables consistirán na elaboración da documentación técnica preceptiva para executar a dotación dunha accesibilidade adecuada a edificios de vivendas que precisen da instalación de elevador para a súa resolución, incluíndo as novas comunicacións comúns previstas e posibles intervencións imprescindibles que se requiran nos elementos privativos e o espazo público inmediato afectado.

O desenvolvemento total de operación que nos ocupa, por cuestións operativas, estará constituída por dous fases claramente diferenciadas consistentes en dous convocatorias distintas e sucesivas:

FASE 1ª_ Elaboración do proxecto arquitectónico básico e de execución e demais documentación técnica imprescindible para definir a intervención arquitectónica.

FASE 2ª_ Execución das obras correspondentes aos proxectos elaborados.

Esta convocatoria que nos ocupa agora refírese exclusivamente á primeira destas dous fases.

Artigo 6 ÁMBITO

Os edificios que concorran a esta convocatoria deberán atoparse dentro do ámbito correspondente ao cualificado polo Plan Xeral Municipal de Ordenación vixente como ordenanza 9 de Actuacións unitarias consolidadas, na súa variante A sobre edificios de vivendas colectivas, naqueles casos nos que non estea resolta a súa accesibilidade, e que

conten cos instrumentos de planeamento requiridos para a execución das actuacións de mellora da accesibilidade necesarias, nos que se recollan os criterios de intervención nos edificios e as actuacións inherentes que afecten directamente a urbanización do espazo público.

Anexa a estas bases recóllese a información urbanística básica dos ámbitos cualificados polo planeamento como 9A, coa indicación da referencia catastral dos edificios e grupos de vivendas identificados, así como o instrumento de desenvolvemento do planeamento vixente.

Artigo 7 NATUREZA E COMPATIBILIDADE DAS SUBVENCIONS

A natureza da subvención convocada nesta disposición é de axudas en especie, que consisten na materialización das actuacións subvencionables por parte do Concello e a súa entrega a título gratuito ás comunidades ou agrupacións de propietarios dos edificios, de conformidade co establecido na DA 5ª da Lei de subvencións 38/2003.

Dada a súa natureza de axudas en especie, a súa contía representa o 100% do custo das actuacións subvencionables.

Dado que a contía acada o 100% do custo, estas subvencións NON son compatibles con ningunha outra, pública ou privada, que se puidera conceder para as mesmas actuacións.

Artigo 8 RÉXIME DE CONCESIÓN

De acordo ao artigo 20.2.d e 20.2.i da LSG, establécese como procedemento de concesión o ordinario de concorrencia competitiva, ao que se lle aplicará o réxime de prelación establecido nesta disposición, recollido en capítulo aparte, en función das características da intervención e da súa natureza, así como o número de vivendas e edificios aos que se dota de accesibilidade coa instalación de cada un dos elevadores.

Artigo 9 BENEFICIARIOS E REQUISITOS PARA SOLICITAR A SUBVENCIÓN

De acordo ao artigo 20.2.e da LSG, nesta disposición recóllense, en capítulo aparte dada a súa complexidade e extensión, os requisitos da persoas beneficiarias e das actuacións subvencionables e o xeito para acreditarlos.

Artigo 10 PRAZOS DE SOLICITUDE E DE XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS

De acordo ao artigo 20.2.g da LSG, establécese como prazo de presentación das solicitudes o de un (1) mes contado a partir do día seguinte á publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Artigo 11 PRAZOS DE XUSTIFICACIÓN, RESOLUCIÓN E NOTIFICACIONS

De acordo ao artigo 20.2.h da LSG, e a ordenanza de aplicación, nesta convocatoria recóllese, en capítulo aparte dada a súa extensión, os prazos de xustificación, resolución e notificación así como o procedemento de tramitación das axudas solicitadas ao abeiro desta convocatoria.

Artigo 12 PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

As solicitudes, documentación e xustificación relativa aos expedientes das axudas convocadas, presentaranse no rexistro xeral do Concello, nalgún dos seus rexistros auxiliares ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do procedemento

administrativo común das administracións públicas, de acordo cos procedementos establecidos nestas bases e os modelos normalizados incorporados como documentos anexos, e nos prazos establecidos na convocatoria.

Artigo 13 ÓRGANOS MUNICIPAIS COMPETENTES

De acordo ao artigo 20.2.f da LSG, indícanse os órganos competentes para o desenvolvemento desta convocatoria:

- A Oficina municipal de Rehabilitación será a responsable da tramitación dos expedientes relativos ás solicitudes de axuda á rehabilitación que se convocan nesta disposición.
- A Comisión avaliadora estará composta por tres funcionarios adscritos á antedita Oficina ou, no seu defecto, ao Servizo de Urbanismo do Concello, actuando como secretario/a, sen voto, un/unha funcionario/a da Oficina.
- O órgano competente para acordar as resolucións relativas as subvencións tramitadas de acordo coa presente convocatoria será a Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago. De acordo ao artigo 20.2.k da LSG, indícase que os acordos da Xunta de Goberno Local de concesión ou denegación das subvencións poñen fin á vía administrativa.
- Consonte coas Bases de Execución do Orzamento, o órgano competente para a ordenación do pagamento será a Concellaría de Economía e Facenda.

Artigo 14 TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos das persoas solicitantes serán incorporados aos ficheiros municipais, cuxa finalidade é a instrución do procedemento para a concesión das axudas, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación das actividades correspondentes e demais actuacións previstas na normativa legal para a conclusión do proceso de inscrición e adquisición de prelación, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. A Oficina de Rehabilitación e Vivenda do Concello de Santiago de Compostela será a responsable do seu tratamento, ante a cal se poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, dereito á limitación do tratamento e dereito á portabilidade, no seguinte enderezo:

- Rúa Casas Reais, 8, 2º, 15704, Santiago de Compostela
- ocihr@concellodesantiago.gal

Capítulo 2 BENEFICIARIOS

Artigo 15 CONDICIÓN DE PERSOA BENEFICIARIA

Poderán ter a consideración de persoa beneficiaria as comunidades de propietarios/as e/ou agrupacións de comunidades de propietarios/as que sexan:

- Comunidades de propietarios ou agrupacións de comunidades de propietarios constituídas segundo o disposto no artigo 5 da Lei de propiedade horizontal.

- Persoas que agrupadas sexan propietarias de edificios e reúnan os requisitos establecidos no artigo 396 do Código Civil e non outorgaran o título constitutivo da propiedade horizontal.

Non poderán obter a condición de persoas beneficiarias:

- Persoas físicas propietarias únicas de edificios.
- Persoas físicas que non posúan a nacionalidade española ou a dalgún dos Estados membros da Unión Europea, do Espazo Económico Europeo, de Suíza ou o parentesco determinado pola normativa que sexa de aplicación.
- Persoas estranxeiras non comunitarias sen residencia legal en España.

Os requisitos, compromisos e obrigas que se establecen deberán ser cumpridos pola totalidade dos membros das comunidade de propietarios/as ou agrupación de comunidades de propietarios/as, que tamén terán a consideración de beneficiarios, podendo incorrer en causas de reintegro e sanción individual no seu caso.

Artigo 16 REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS

Para que unha solicitude obteña a consideración de apta para optar a esta axuda, a totalidade dos propietarios das comunidades ou agrupacións de propietarios dos edificios afectados pola actuación deberá reunir os seguintes requisitos:

- 1 Solicitar a concesión destas axudas por unanimidade (100%).
- 2 Nomear un só representante a efectos da tramitación e realización das demais xestións inherentes.

Nos supostos de actuacións nos elementos comúns dos edificios en réxime de propiedade horizontal, actuará como representante algún dos presidentes das comunidades de propietarios legalmente constituídas.

Na ausencia desta ou por afectar a solución de accesibilidade a varias comunidades de xeito mancomunado, a totalidade dos propietarios designarán un representante de común acordo.

- 3 Atoparse ao corrente cas seguintes administracións:
 - Axencia Estatal de Administración Tributaria
 - Tesouraría Xeral da Seguridade Social
 - Consellería de Facenda da Xunta de Galicia
 - Concello de Santiago de Compostela.
- 4 Non concorrer nalgunha das circunstancias previstas no artigo 10 e 11 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia ou no artigo 13 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

Artigo 17 OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS DESTA 1ª FASE

Os beneficiarios desta 1ª Fase da operación estarán obrigados no caso de existir dispoñibilidade orzamentaria e de tempo no momento da convocatoria da 2ª Fase, estarán obrigados a solicitala:

- . Unha vez elaborados os documentos técnicos correspondentes a estas axudas e á vista dos custes recollidos nos mesmos, a Comisión avaliadora determinará cales daqueles beneficiarios da 1ª Fase son susceptibles de selo na 2ª en función da dispoñibilidade orzamentaria remanente.
- . A Oficina municipal de Rehabilitación notificará o resultado do ditame anterior aos afectados que terán a obriga de presentarse á convocatoria da 2ª Fase da operación consistente na execución das actuacións proxectadas nesta 1ª Fase.

Os solicitantes da 2ª Fase deberán:

- . Obter a dispoñibilidade dos terreos e dereitos de natureza comunitaria do edificio ou privativos precisos para executar as actuacións.
- . Achegar a documentación de dispoñibilidade dos terreos afectados acreditando a titularidade para a execución das obras.
- . Obter o título que autorice a ocupación privativa do dominio público segundo o previsto no Art. 144 da Lei do Solo no caso de que o proxecto de instalación requira a utilización de espazo público, aceptando as condicións da súa utilización, pagamento de canon anual, responsabilidade e seguros, que se establezan.
- . No caso de que o proxecto de instalación de elevadores afecte a urbanizacións con espazo público que se atope sen regularizar, deberá colaborar co Concello formalizando as cesións de propiedade precisas do espazo de uso público para a regularización do ámbito e a súa constancia no rexistro.
- . Unha vez rematadas as obras executadas, coa especificación no seu caso do dereito constituído en terreo público, a propiedade deberá recibir as obras executadas, aceptar as contías finais das axudas correspondentes ao coste realmente executado e subscribir os seguros correspondentes de mantemento e reparación con empresas certificadas e cos permisos esixidos segundo a normativa aplicable en cada momento.

Artigo 18 OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS DA TOTALIDADE DA OPERACIÓN

Unha vez xustificada e aprobada a concesión da axuda da 2ª FASE que completa a operación, a totalidade dos propietarios das comunidades ou agrupacións de propietarios dos edificios afectados en cada unha das solicitudes, quedará suxeita as seguintes obrigas:

- 1 Destinar os bens que se reciban ao fin concreto para o cal se concedeu a subvención por un período mínimo de dez (10) anos dende a sinatura da acta de recepción dos elevadores e elementos de accesibilidade vinculados ao edificio, debendo mantelos en funcionamento e en óptimas condicións de uso de conformidade co previsto no Art. 29.4 da Lei de subvencións.
- 2 Conservar dilixentemente as obras de accesibilidade realizadas, correndo pola súa conta calquera indemnización de danos ou responsabilidade civil que resulte, tendo ao corrente os correspondentes seguros, e efectuando as reparacións e mantemento mediante empresas certificadas de acordo á normativa.
- 3 Custodiar e vixiar os elementos subvencionados, dos danos, roturas, deterioración, roubo, extravío que puidesen causarse, imputables ao mal uso ou trato polos usuarios.

- 4 Inscribir, á súa costa, no rexistro da propiedade as modificacións executadas sobre o edificio, os elementos de accesibilidade vinculados ao mesmo, facendo constar a propiedade ou o dereito constituído e a axuda percibida de acordo á regulación destas bases. Deberá solicitar autorización municipal previa cando proceda a inscrición do dereito de utilización privativa do dominio público, dando conta ao Concello das actuacións realizadas.
- 5 Someterse ás actuacións de comprobación e inspección que a oficina de vivenda e rehabilitación considere pertinentes ao longo do proceso de execución.
- 6 Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Oficina de vivenda e rehabilitación e/ou a Intervención do Concello de Santiago, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
- 7 As demais obrigas recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Capítulo 3 ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES E CONTÍAS DAS AXUDAS

Artigo 19 CONDICIÓNS DAS ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

As actuacións subvencionables comprenden a redacción de proxectos e demais documentación técnica preceptiva na primeira secuencia, e, naqueles casos que pasen a segunda secuencia, a execución da totalidade das obras, xunto ca correspondente dirección facultativa, precisas para garantir a resolución da accesibilidade do edificio e a disposición das instalacións para a súa posta en marcha.

Cando mais dun edificio resolva a súa accesibilidade coa instalación dun único elevador, considerarase ao conxunto de edificios como unha mesma actuación subvencionable a tódolos efectos (solicitud, tramitación, concesión, execución e xustificación), deste xeito, cada solicitud e expediente de axudas comprenderá como beneficiarios ao conxunto da propiedade de tódolos edificios afectados polo mesmo elevador, debendo cumprir todos eles no seu conxunto os requisitos e compromisos establecidos.

Artigo 20 CRITERIO DE PRIORIDADE DAS ACTUACIÓNS

De acordo aos artigo 8 da LXS e 5 da LSG, que establecen como principios xerais aplicables á xestión das subvencións, entre outros, os de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, establécense os seguintes criterios de prioridade ordenados xerarquicamente a efectos de establecer a orde de prelación das solicitudes presentadas que reúnan os requisitos:

- 1 En primeiro lugar terán preferencia as solicitudes que resolvan ca execución dun único elevador a accesibilidade do maior número edificios ou bloques con caixa de escaleira independente.
- 2 En segundo lugar, terán preferencia as solicitudes que resolvan a accesibilidade do maior número de vivendas ca execución dun único elevador.
- 3 En terceiro lugar, se dará preferencia aos que precisen da renovación das caixas de escaleira dos edificios fronte as que non.

- 4 En cuarto lugar nos que a solución prevista implique e a execución do elevador exterior ás aliñacións dos edificios, fronte ás que o resolvan no interior das súas actuais aliñacións.
- 5 En quinto lugar se atenderán aos casos que resolvan a accesibilidade do maior número de plantas.
- 6 En último lugar se atenderá a orde de presentación no Concello da correspondente solicitude de axuda, tendo as mais antigas preferencia sobre as mais recentes.

Artigo 21 ORZAMENTO SUBVENCIONABLE E CONTÍA DA AXUDA

A contía da axuda coincidirá co orzamento subvencionable destas axudas que será a totalidade do custo inherente á elaboración da documentación técnica necesaria para a execución das actuacións obxecto destas bases reguladoras, polo que representará o 100% do seu custo.

O orzamento subvencionable incluír á IVE correspondente aos contratos de prestación de servizos que o Concello precise tramitar en desenvolvemento das actuacións.

Artigo 22 DISTRIBUCIÓN DO IMPORTE DA AXUDA

O custo total da actuación que supón a entrega en especie do elevador e restantes elementos de accesibilidade en favor de cada comunidade ou agrupacións de persoas, repercutirase aos efectos de imputación fiscal de rendas nas persoas propietarias de vivendas e locais, de conformidade coas regras previstas na lexislación de propiedade horizontal.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, cando algún dos membros da comunidade de propietarios/as ou da agrupación de comunidades de propietarios/as non estea ao corrente ca algunha administración ou incorra nunha ou varias das prohibicións establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, incorrerá en causa de reintegro polo importe que resulte imputable, respondendo solidariamente a comunidade ou agrupación de propietarios, sen prexuízo da repetición que proceda consonte as normas da propiedade horizontal.

No caso de que as actuacións comprendan mais dun edificio, portal ou comunidade, o Concello especificará a proporción das axudas correspondentes a cada un en proporción ás superficies residenciais totais dos distintos edificios.

Capítulo 4 SOLICITUDE DA AXUDA E DOCUMENTACIÓN

Artigo 23 DEFINICIÓN E ALCANCE DAS SOLICITUDES

As solicitudes deberán de achegar os documentos e os datos exixidos nesta convocatoria, salvo que xa estivesen en poder da Administración; neste caso, as persoas solicitantes poderán acollerse ao establecido na Lei 39/2015 de réxime xurídico das administracións públicas, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia en que foron presentados ou, se for o caso, emitidos, e non transcorresen máis de cinco anos dende a finalización do procedemento a que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade de obter algún documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa solicitante a súa achega.

As solicitudes de axudas comprenderán:

- A Solicitud xeral do conxunto de comunidades/agrupacións de propietarios de inmobles afectados pola incorporación dun elevador, asinada polo representante único e segundo o [Modelo I de Solicitud de Axuda](#) anexo a estas bases.
- B Relación certificada polo secretario de todos e cada un dos propietarios das vivendas e locais, e no seu caso arrendatarios, segundo o [Modelo II de Certificación da Propiedade](#) anexo a estas bases.
Será responsabilidade da persoa que representa a propiedade e asina a solicitude, que a relación de propiedades e titulares estea completa e veña acompañada da documentación requirida.
- C Compromiso individual de cada unha das persoas propietarias dos inmobles afectados polas actuacións, asinado por cada un deles, segundo o [Modelo II de Declaración, Autorización e Compromiso Individual](#) anexo a estas bases.

Aparte de estes modelos citados nos apartados anteriores, se facilitan como anexos a estas bases os seguintes modelos dos diversos actos e declaracións necesarios na tramitación destas axudas:

- [Modelo V de declaración responsable](#) de documentación xa aportada.
- [Modelo VI de certificado de acordo](#) a adoptar polas comunidades de propietarios.

Artigo 24 SOLICITUDE XERAL DE AXUDAS

A solicitude de axudas para as actuacións nos edificios se formalizará mediante a presentación do [Modelo I de Solicitud de Axuda](#), debidamente cuberto e asinado polo representante único das comunidades ou agrupacións de edificios afectados pola solicitude, que incluíra de xeito inescusable a seguinte información:

- Datos de identificación da persoa que solicita a axuda en representación do conxunto da propiedade.
En actuacións que afecten a unha única comunidade de propietarios ou edificio, actuará como representante o presidente ou, ca debida autorización, a persoa que se designe como representante,
En actuacións que afecten a máis dunha comunidade de propietarios ou edificios, a totalidade das comunidades e/ou propietarios deberán nomear a un mesmo representante aos efectos da tramitación do expediente de axudas.
- Datos aos efectos de notificación.
As notificacións de resolucións e actos administrativos, no caso de comunidades de propietarios ou entidades obrigadas nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, practícaranse só por medios electrónicos.
- Información do rexistro da finca.

Artigo 25 RELACIÓN CERTIFICADA DA PROPIEDAD

A relación certificada polo secretario da comunidade de todos e cada un dos propietarios das vivendas e locais, e no seu caso arrendatarios afectados polas obras segundo o [Modelo II de](#)

Certificación da Propiedade anexo a estas bases, incluírá de xeito inescusable os seguintes datos identificativos de cada un dos edificios obxecto das actuacións:

- a Nome da promoción ou grupo de vivendas, segundo a información dos ámbitos incluídos na convocatoria anexa a estas bases.
- b Enderezo.
- c Referencia catastral.
- d Relación da estrutura e completa da propiedade do inmovible, identificando cada unha das vivendas ou locais que compoñen o edificio, e ás persoas, ou conxunto de persoas, propietarias, indicando en cada caso:
 - Referencia catastral.
 - Andar e letra.
 - Uso.
 - Superficie construída.
 - Cota de participación da vivenda ou local no custo de actuacións destas características.
 - Persoa ou persoas propietarias, indicando:
 - Nome e apelidos.
 - NIF.
 - Coeficiente de propiedade na vivenda ou local.

As solicitudes que non contén con esta información completa serán desistidas da participación na convocatoria.

Artigo 26 DECLARACIÓN, AUTORIZACIÓN E COMPROMISO INDIVIDUAL

De acordo á relación de propietarios aportada na Certificación de propiedade que debe acompañar á solicitude de axuda, e acompañando a esta documentación, cada un dos propietarios das vivendas e locais que conforme a totalidade da propiedade dos edificios afectados pola solicitude, deberá aportar un **Modelo III de Declaración, Autorización e Compromiso Individual** no que se recolla:

- 1 Datos identificativos:
 - a. Da propiedade, consignando a súa referencia catastral, cota de participación da vivenda ou local respecto ao edificio, andar, letra, uso e superficie.
 - b. Da persoa, consignando o nome e apelidos, o NIF e a porcentaxe de titularidade na vivenda ou local.
 - c. De se a vivenda obxecto da axuda é a súa residencia habitual ou non e, en caso afirmativo, se é maior de 65 idade ou ten algunha discapacidade recoñecida.
- 2 Declaración responsable de:
 - a. Que todos os datos que figuran na solicitude e anexos para a obtención de axudas son certos e en caso de non achegarse a documentación acreditativa correspondente, autorizo a que se realicen consultas nos respectivos ficheiros.

- b. Non atoparse incurso en ningunha prohibición para a obtención da condición de persoa beneficiaria das sinaladas nos apartado 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - c. Non ser preceptora de ningún outro tipo de axudas polo mesmo concepto que as que nos ocupan.
 - d. Non ter débedas coas seguintes administracións: Axencia Estatal de Administración Tributaria, Tesouraría Xeral da Seguridade Social, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e o Concello de Santiago de Compostela.
 - e. Non ter solicitado nin obtido subvención algunha concorrente coa solicitada no Concello de Santiago de Compostela para o obxecto que presenta a solicitude; comprometéndose a renunciar á solicitude e obtención da subvencións ou axudas concorrentes con estas.
Ter xustificado calquera subvención concedida anteriormente polo Concello de Santiago de Compostela, unha vez esgotado o prazo para facelo, ou no seu caso, procedeu ao seu reintegro.
 - f. Ser coñecedor de que a comunidade deberá destinar durante un prazo mínimo de dez anos os bens que se reciban ao fin concreto para o cal se concedeu a subvención, debendo manter en funcionamento e en óptimas condicións de uso os elevadores que reciban.
- 3 Autorización ao Concello de Santiago a:
- a. Consultar o feito de estar ao corrente de pagos coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social e o Concello de Santiago de Compostela.
 - b. Redactar o proxecto de instalación de elementos de accesibilidade nesta comunidade/agrupación de propietarios e demais documentación técnica que resulte precisa para a tramitación desta subvención en especie.
 - c. Realizar as obras de accesibilidade obxecto da presente convocatoria, poñendo a súa disposición e da empresa que resulte contratista os espazos, tanto comúns desta comunidade/agrupación, ou privativos dos que resulte titular, necesarios para a execución material das obras de accesibilidade, comprometéndose a adoptar calquera acordo que resulte complementario.
- 4 Autorización ao representante nomeado para solicitar a axuda xeral da actuación a:
- a. Solicitalas axudas no seu nome.
 - b. Asinar acta de cesión temporal ou posta a disposición para a dispoñibilidade temporal da totalidade dos espazos afectados, comúns e privativos dos que resulte titular para a execución das obras, de tal xeito que posibilite a súa finalización dentro do prazo previsto.
 - c. No caso de que a solución de accesibilidade comprenda mais dun edificio, a asinar na súa representación os acordos que procedan para a modificación do título constitutivo para a creación dunha mancomunidade dos edificios afectados pola solución de accesibilidade e implantación de elevador, e imputación de cotas por solución de

accesibilidade, autorizando a realizar os trámites pertinentes para o seu acceso ao rexistro da propiedade.

- d. Recibir as obras executadas unha vez finalizadas, na que constarán as actuacións subvencionables que recibe, o prazo de garantía, as contías definitivas das axudas e a imputación porcentual definitiva a cada un dos propietarios en proporción a súa participación na solución de accesibilidade correspondente; perdéndose a garantía definitiva en caso contrario, e incorrendo a comunidade en causa de reintegro segundo o previsto nestas bases.
 - e. No caso de resultar afectado espazo público imprescindible para a instalación de ascensores, a solicitar todo tipo de autorización ou desafectación que resulte precisa para a ocupación privativa de espazo de uso público, asumindo como integrante da comunidade ou agrupación, as obrigas e pagamento de canon anual que se establezan no documento de cesión ou alleamento por prezo.
 - f. Manifesta o seu consentimento e preferencia pola práctica de comunicacións electrónicas indicando o correo.
- 5 Compromiso de:
- a. Cumprir os requisitos, compromisos e obrigas establecidas na convocatoria de subvencións, dando a conformidade para a tramitación da mesma, autorizando ao representante á sinatura dos documentos que procedan.
 - b. Aceptar o proxecto de obras que elabore o Concello co obxecto de satisfacer o solicitado, eximíndoo de calquera dano e prexuízo que puidera ocasionarse por mor das deficiencias estruturais e patoloxías previas existentes nas vivendas ou locais.
 - c. Aceptar as contías estimadas e definitivas das axudas que se asignen a comunidade/s do edificio/s e a imputación como propietario en proporción a súa participación na solución de accesibilidade correspondente coma consecuencia da participación da presente convocatoria de accesibilidade, autorizando ao representante á sinatura dos documentos que procedan e a constituír as oportunas garantías.
 - d. Asinar de mutuo acordo para a adquisición pola comunidade ou extinción de dereitos con cargo á mesma, eximindo expresamente ao Concello de calquera tipo de indemnización, reclamación ou litixio que poida derivarse entre as partes, de calquera porción de propiedade ou dereitos de carácter privativo imprescindibles de calquera vivenda/local desta comunidade dos que resulte ser titular, precisos para a instalación de elevadores e demais elementos de accesibilidade, no caso de resultar afectada.
 - e. Asumir, como propietario de piso/ local integrante da comunidade de propietarios que solicita unha axuda en especie para resolver a súa accesibilidade, os custos de realoxo provisorios precisos, si fora o caso, aínda que se intentará evitar a toda costa a súa necesidade, eximindo ao Concello de calquera tipo de indemnización, reclamación ou litixio que poida derivarse entre as partes.
 - f. A responder nos supostos de incumprimento ou reintegro da presente convocatoria de subvención que resulte imputable como membro integrante da comunidade de propietarios afectada pola solución de accesibilidade fronte as accións que exercite o

Concello, que poderán dirixirse solidariamente fronte o membro afectado, ou directamente fronte a comunidade do edificio, sen prexuízo de que posteriormente a comunidade repita conforme as normas da propiedade horizontal.

- g. Manter en adecuadas condicións de ornato e uso as obras e instalacións que constitúen estas axudas durante o prazo de destino establecido.

Artigo 27 DOCUMENTACIÓN ANEXA

Xunto coa solicitude de axuda, a relación certificada da propiedade e os compromisos individuais, presentárase a seguinte documentación:

- 1 Copia do orixinal do documento de identificación da persoa que asine a solicitude e a documentación acreditativa da representación da persoa ou persoas en nome das que actúe.
- 2 Copia do orixinal dos documentos de identificación fiscal das comunidades de propietarios e da persoa que presida ou represente á comunidade, no caso de que a promotora das actuacións sexa unha comunidade de propietarios constituída consonte ao disposto polo artigo 5 da Lei 49/1960, de 21 de xullo, de propiedade horizontal.
- 3 Copia do orixinal do documento xustificativo do nomeamento dos presidentes da comunidade, no caso de que a persoa solicitante das axudas sexa unha comunidade de propietarios constituída consonte ao disposto polo artigo 5 da Lei 49/1960, de 21 de xullo, de propiedade horizontal.
- 4 Copia do orixinal da Acta ou certificado da xunta de propietarios onde se aprobe solicitar a subvención e aceptar a execución das actuacións unha vez finalizadas.
- 5 Certificado ou nota simple do Rexistro da Propiedade de cada unha das propiedades incluídas na relación de vivendas e locais do inmovible actualizada á realidade da propiedade no momento da solicitude, e en ningún caso cunha antigüidade superior aos seis (6) meses anteriores á convocatoria.

Excepcionalmente, no suposto de que nos seis (6) meses anteriores á convocatoria, a titularidade dalgunhas das propiedades foxe obxecto de alteración, poderase achegar para acreditar a titularidade e a participación, outra documentación acreditativa do feito, acto ou negocio xurídico que demostre a adquisición, alteración ou modificación da titularidade do inmovible.

- 6 Certificados de atoparse ao corrente cas seguintes administracións:
 - . Axencia Estatal de Administración Tributaria
 - . Consellería de Facenda da Xunta de Galicia
 - . Tesouraría Xeral da Seguridade Social (salvo autorización para a súa consulta)
 - . Concello de Santiago de Compostela (salvo autorización para a súa consulta)

Independentemente da documentación relacionada, no transcurso da tramitación da concesión das axudas, o Concello poderá requirir a información e documentación das persoas beneficiarias que precise para aclarar calquera dos aspectos recollidos nas presentes bases, a presentación de orixinais, ou outros documentos que se considere necesarios e imprescindibles para ditar resolución.

Capítulo 5 TRAMITACIÓN DA CONCESIÓN DAS AXUDAS

Artigo 28 PROTOCOLO DE TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES

A Concesión da axuda

O órgano instrutor revisará as solicitudes presentadas correctamente en tempo e forma comprobando o cumprimento dos requisitos establecidos e realizando as inspeccións e requirimentos que se consideren necesarios.

- . Identificará aquelas solicitudes que non cumpran os requisitos e/ou non lles corresponda subvención, notificándoo aos interesados, que terán un prazo de dez (10) días para presentar alegacións.
- . Ordenará as solicitudes que finalmente cumpran cos requisitos de acordo co réxime de concesión e os criterios de prelación establecidos e estimará, de acordo aos prezos da Base de datos da construción e Galicia vixente (abril de 2022 17ª edición), o custo das actuacións completas incluíndo a execución das obras correspondentes as actuacións.

O órgano colexiado avaliador, á vista dos expedientes, ditaminará que solicitudes deben ser:

- . Desestimadas por non cumprir os requisitos prescritos.
- . Estimadas por cumprir os requisitos e existencia de crédito suficiente.
- . Desestimadas por non existir crédito suficiente.

O órgano instrutor notificará aos interesados das solicitudes desestimadas, que terán un prazo de dez (10) días para presentar alegacións.

Rematado o proceso anterior, se elevará ao órgano competente a correspondente proposta de RESOLUCIÓN DEFINITIVA de:

- . Desestimación das axudas daquelas solicitudes que non cumpran os requisitos ou non contesten debidamente e en prazo aos requirimentos notificados.
- . Desestimación das axudas daquelas solicitudes para as que, cumprindo os requisitos anteriores, non exista crédito suficiente.
- . Concesión das axudas daquelas solicitudes estimadas por cumprir os requisitos e existir crédito suficiente.

O órgano instrutor notificará aos interesados das solicitudes concedidas, que terán un prazo de dez (10) días para aceptar a axuda.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución de desestimación deste procedemento é de tres (3) meses a partir da finalización do prazo de solicitude da convocatoria. O vencemento deste prazo máximo sen terse notificado a correspondente resolución desestimatoria ou instando á presentación da correspondente garantía para continuar co procedemento, lexitima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

B Elaboración da documentación

No caso das solicitudes de axuda concedidas e aceptadas, iniciarase o procedemento de contratación do proxecto de obras e demais documentación técnica preceptiva

correspondente a cada unha das actuacións, en coordinación cos distintos servizos municipais actuantes.

Este documento concretará, ademais da propia execución de dotación de accesibilidade ao edificio ou edificios, a afectación sobre as infraestruturas municipais existentes.

C Aprobación da xustificación da convocatoria

Rematado o proceso anterior de elaboración da documentación técnica preceptiva, e tendo en conta o custo final real da elaboración da documentación, que non poderá ser en ningún caso superior á axuda concedida, elevarase ao órgano competente, previa comprobación do cumprimento dos requisitos esixidos, a proposta de aprobación de xustificación da convocatoria indicando:

- A contía total da axuda.
- A imputación da axuda a cada un dos propietarios dos edificios beneficiarios.

Aprobada a xustificación da convocatoria, remitirase o acordo, xunto co expediente completo, aos Servizos Económicos Municipais para que, tras as necesarias comprobacións se efectúe o pago da subvención, que consistirá na entrega da documentación técnica obxecto da fase I.

Ao tratarse dunha axuda en especie o pago da subvención non supón ningún desembolso precuniarario en favor da persoa beneficiaria da mesma, senón o outorgamento dos servizos subvencionados, isto é, a entrega da documentación técnica obxecto desta fase I, sendo o órgano competente municipal quen efectuará directamente o pagamento á empresa adjudicataria logo das comprobacións e xustificacións precisas.

Artigo 29 REINTEGRO DA SUBVENCIÓN

No caso de incumprimento das obrigacións do beneficiario das subvencións outorgadas en especie, así como no dunha posible renuncia ou desestímulo á mesma, considerarase como cantidade recibida a reintegrar, a suma de todos os gastos inherentes á actuación.

En todo caso, será esixible o interese de demora correspondente, de conformidade co establecido en artigo 3.3 do Real Decreto 887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

Procederá o reintegro da axuda concedida con esixencia do interese de demora referido ao momento do pago, nos supostos nos que o beneficiario incorra en calquera das causas sinaladas no art. 37.1 da Lei Xeral de Subvencións e da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, entre as que se conteñen:

- a. Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedisen.
- b. Incumprimento total ou parcial dalgunha das obrigas establecidas nestas bases.
- c. Negativa ou obstrución ás actuacións de control do Concello de Santiago.
- d. Obtención de calquera outra subvención para sufragar o mesmo proxecto/actividade para as que solicita a axuda.

- e. A cobranza a persoas polas actividades subvencionadas. (Ademais do reintegro, perderá o dereito para optar por subvencións do Concello de Santiago de Compostela nos dous exercicios seguintes).

Para a valoración do reintegro destas as axudas en especie tomarase como referencia para o cálculo do importe a reintegrar atendendo ao valor que tería no mercado as actuacións subvencionables e a imputación a cada beneficiario propietario dos pisos ou locais sen prexuízo do interese de demora que corresponda. O beneficiario que incorrese nalguna causa que obrigase ao reintegro da axuda concedida quedará inhabilitada para poder acceder a novas convocatorias en tanto non regularice a súa situación.

Cando un propietario de piso ou local incorrese en causa de reintegro as actuacións poderán dirixirse actuacións de reintegro directamente coa comunidade de propietarios beneficiaria da subvención que responderá solidariamente fronte ao Concello, sen prexuízo de que posteriormente se repita contra o propietario segundo o previsto na Lei de propiedade horizontal .

O procedemento de reintegro rexerase polo disposto no art. 42 da Lei Xeral de Subvencións. Ademais do reintegro, o beneficiario será sancionado coa anulación da subvención, así como calquera outra subvención concedida no ano en curso e a imposibilidade de participar nas subvencións do ano seguinte.

As entidades e persoas beneficiarias das subvencións outorgadas ao amparo da presente convocatoria estarán suxeitas ás responsabilidades e réxime sancionador que sobre infraccións administrativas en materia de subvencións establece o Título IV da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e o Título IV Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.